



Convocatoria 2020 para a subvención de actividades de reactivación e promoción económica do Concello de Ferrol para o ano 2020. “FERROL CIDADE VIVA”

No marco das Bases reguladoras específicas para a subvención de actividades de reactivación e promoción económica do Concello de Ferrol para o ano 2020. Ferrol Cidade Viva, aprobadas polo Concello-Pleno con data do 30/07/2020.

1.- Créditos presupostarios

O financiamento destas axudas efectuaranse con cargo aso orzamentos municipais do exercicio 2020 na aplicación orzamentaria 02104-2412-48000 por un importe total de 150.000€.

2.- Obxecto e finalidade

Ten por obxecto establecer as normas específicas, no marco da Ordenanza Xeral de Subvención deste Concello (BOP núm. 200 de 21/10/2019), polas que se rexerá a convocatoria pública, en concorrencia competitiva, das axudas e subvencións dirixidas á reactivación e promoción económica do Concello de Ferrol para o ano 2020.

Para este fin establécense as seguintes liñas de axuda:

Liña 1	Actividades de dinamización da oferta comercial, hostaleira e dos mercados
Liña 2	Actividades de promoción e comercialización das capturas pesqueiras/marisqueiras
Liña 3	Actividades de fomento do emprendemento

3.- Modalidade de concesión

Réxime de concorrencia competitiva.

4.- Requisitos para solicitar as subvencións

Poderán concorrer a esta convocatoria todas as asociacións, sen ánimo de lucro, relacionadas co comercio, coa hostalería, co sector pesqueiro-mariscador, cos mercados de Ferrol e coas asociacións empresariais con ámbito de actuación no Concello de Ferrol e que cumpran os requisitos desta convocatoria e o establecido nas súas bases reguladoras específicas.

5.- Órganos competentes para a instrucción e resolución do procedemento

O órgano competente para a instrucción do procedemento será o Negociado de Promoción Económica.

O órgano competente para a resolución do procedemento será a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi.



6.- Prazo de presentación de solicitudes

presentación:	deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da Sede Electrónica do Concello de Ferrol: https://www.ferrol.gal/Sede
Prazo:	10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de conformidade co procedemento establecido no art. 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

7.- Prazo de resolución e notificación

O acordo da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatista e Edusi polo que se conceden estas subvencións adoptarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data de publicación da convocatoria.

8.- Documentación a presentar coa solicitude

A que figura na Base 6 das bases reguladoras específicas que acompañan a esta convocatoria

9.- Criterios de valoración

Os que figuran na Base 7 que acompañan a esta convocatoria

10.- Notificación e publicación

A concesión das subvencións será aprobada por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatista e Edusi trala formulación da proposta de concesión realizada pola unidade administrativa encargada da instrucción á vista do informe da comisión avaliadora.

As subvencións concedidas notificaranse aos interesados de conformidade co disposto no art. 40 da Lei 39/2015 e practicarase por medios electrónicos. Así mesmo, publicaranse no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Ferrol así como na BDNS.

11.- Recursos

A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan relizarse de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ferrol, na data da sinatura electrónica

A concelleira delegada da Área de Benestar Social e Patrimonio
Histórico. P.S. (Decreto da alcaldía do 06/08/2020)

Eva Martínez Montero